



ADMISIÓN ALUMNADO CURSO 2023 – 2024

NORMATIVA:

- *Decreto 13/2022, do 3 de febreiro (DOG 11/02/22)*
- *Orde do 21 de outubro de 2022 (DOG 08/11/2022)*
- *Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de Admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2023-24*

Postos escolares ofertados:

ETAPA	CURSO/NIVEL	PRAZAS OFERTADAS
Educación Infantil	4º EI	22 prazas + 3 alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
	5º EI	13 prazas
	6º EI	16 prazas
Educación Primaria	1º EP	11 prazas + 3 alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
	2º EP	5 prazas
	3º EP	14 prazas
	4º EP	15 prazas
	5º EP	11 prazas
	6º EP	15 prazas

✚ Prazo de presentación de solicitudes de admisión: **do 1 ao 20 de marzo.**

As solicitudes (ED550B) presentaranse preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Os formularios normalizados de solicitude e de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora tamén estarán accesibles:

a) Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

b) No portal educativo no enderezo <http://www.edu.xunta.gal>

c) Nas dependencias dos centros docentes.

Todo o alumnado poderá presentar solicitude de admisión, pedirá ata seis (6) centros por orde de preferencia e alegará os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Logo de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

A solicitude de admisión é única para cada alumno/a, ten carácter vinculante e a súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior, así como a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada en día 28 de febreiro (este incluído), poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

- **Publicación de listaxes provisionais de alumnado admitido e non admitido: 25 de abril. Poderanse formular reclamacións no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.**
- **Publicación listados definitivos de alumnado admitido e non admitido: Antes do 15 de maio.**
- **Prazo de formalización de matrícula: do 20 ao 30 xuño.**

Centro ao que estamos adscritos: I.E.S. Antón Alonso Ríos

Área de influencia do centro: Parroquias de Barrantes e Pinzás

Servizos complementarios:

- Transporte escolar.
- Comedor escolar